



Cantos Estados membros ten actualmente a Unión?

27

EUROPE@SCHOOL



Os países fundadores da actual Unión Europea foron Francia, Alemaña, Bélxica, os Países Baixos, Luxemburgo e...

Italia

EUROPE@SCHOOL



Cando uniron forzas os primeiros países para desenvolveren unha cooperación europea? (basta un período ou unha década; non fai falta dicir un ano específico)

Despois da Segunda Guerra Mundial / na década de 1950 (ambas as respostas son correctas)

EUROPE@SCHOOL



Que institución europea eliximos os cidadáns cada cinco anos? (eleccións directas)

Parlamento Europeo

EUROPE@SCHOOL



**Por que** se fundou a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA)?

Para evitar unha futura guerra – para garantir a paz

EUROPE@SCHOOL



Que cidade europea é sede da maioría das institucións europeas e se denomina a miúdo «a capital de Europa»?

Bruxelas

EUROPE@SCHOOL



Que acontecemento importante dende o punto de vista histórico ocorreu en Europa en 1989?

Caída do Muro de Berlín / fin da división entre Europa oriental e occidental / fin da Guerra Fría

EUROPE@SCHOOL



En que idioma se comunican os deputados no Parlamento Europeo?

Todos poden falar no seu propio idioma (unha das 24 linguas oficiais da Unión).

EUROPE@SCHOOL



As «catro liberdades» do mercado único europeo son: a libre circulación de mercadorías, capitais, traballadores e ...?

Servizos

EUROPE@SCHOOL



En que ano se retirou oficialmente o Reino Unido da Unión Europea?

2020

EUROPE@SCHOOL



Que moeda se utiliza na maioría de países da Unión?

---

Euro

EUROPE@SCHOOL



Como se chama o dereito de petición europeo mediante o cal os cidadáns poden incluír unha proposta legislativa na axenda da Comisión Europea?

---

Iniciativa Cidadá Europea

EUROPE@SCHOOL



Cando é o Día de Europa? (data)

---

9 de maio

EUROPE@SCHOOL



Cal é o nome do programa europeo de intercambio para estudantes de educación superior, pero tamén para escolas de primaria e secundaria?

---

Programa Erasmus+ («Erasmus»)

EUROPE@SCHOOL



Quen é o actual presidente do Consello Europeo?

---

EUROPE@SCHOOL



Quen é o actual presidente da Comisión Europea?

---

EUROPE@SCHOOL



Podes comparar a Comisión co... dun país, porque exercen o poder executivo.

---

Goberno

EUROPE@SCHOOL



Cal é o nome do tratado europeo que lles permite aos cidadáns europeos viaxar pola maioría dos países da Unión sen que se comprobe a súa identidade (fronteiras abertas)?

---

Tratado de Schengen / Schengen

EUROPE@SCHOOL



Cal é o número europeo de emerxencias ao que podes chamar en toda a Unión?

---

112

EUROPE@SCHOOL



Que Estado membro da Unión ten máis habitantes?

---

Alemaña (arredor de 82 millóns)

EUROPE@SCHOOL



Que Estado membro da Unión ten menos habitantes e é o máis pequeno?

---

Malta (arredor de 450 000 habitantes)

EUROPE@SCHOOL



Que Estado membro ten o mesmo nome que a súa capital?

---

(Gran Ducado de) Luxemburgo

EUROPE@SCHOOL



En que ano empezaron a utilizar os primeiros países da zona do euro moedas e billetes de euro?

---

2002

EUROPE@SCHOOL



Cada Estado membro nomea un comisario na Comisión Europea. Quen é o actual comisario nomeado polo teu país?

---

EUROPE@SCHOOL



Cada Estado membro obtén un certo número de escaños no Parlamento Europeo en función do tamaño da súa poboación. Cantos deputados ao Parlamento Europeo ten o teu país actualmente?

---

EUROPE@SCHOOL